

SUBVENCIONES PARA A RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, ASÍ COMO A SELECCIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS QUE PARTICIPARÁN NA SÚA XESTIÓN, E SE PROCEDE Á CONVOCATORIA PARA A ANUALIDADE 2022 (CÓDIGOS DE PROCEDIMENTO IN414B E IN414C)

Axencia Instituto Enerxético de Galicia. Xunta de Galicia

Electrodomésticos subvencionables

- Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D
- Conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D
- Lavadora A, B ou C
- Lavalouza A, B ou C
- Placas de cociña de indución total (soamente tecnoloxía de indución, non mixtas)

Persoas beneficiarias das subvencións

Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas que realicen algunha das actuacións establecidas nas bases reguladoras, nunha vivenda sita na Comunidade Autónoma de Galicia.

A solicitude tramitarase a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que figuren no listaxe que se publique na páxina web do Inega, www.inega.gal

Unha persoa beneficiaria só poderá recibir axuda pola substitución dun único electrodoméstico de cada unha das tipoloxías de equipos incluídos e cun máximo de tres electrodomésticos por persoa beneficiaria.

Contía máxima das axudas

Electrodomésticos subvencionables	Consumidor xeral	Consumidor vulnerable	Consumidor vulnerable severo
Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D	150	300	450
Conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D	150	300	450
Lavadora A, B ou C	100	200	300
Lavalouza A, B ou C	100	200	300
Placa de indución total (soamente tecnoloxía de indución)	100	200	300

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50 % para consumidores vulnerables e do 75 % para consumidores vulnerables severos.

Forma e prazo de presentación de solicitudes

As entidades colaboradoras adheridas son as encargadas de tramitar o procedemento (código de procedemento IN414C).

O prazo de presentación de solicitudes das entidades colaboradoras comezará o día 03 de marzo e rematará o 30 de xuño de 2022.

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o 23 de marzo de 2022 ás 9.00h e rematará o 30 de setembro de 2022 ou cando se esgoten os fondos.